

Bo día!

Como estades? Agardo que ben.

Estamos na Semana das Letras Galegas. O próximo domingo é 17 de maio, Día das letras Galegas. Como ben sabedes, todos os anos dende 1963, se adica este día a unha persoa destacada do mundo da cultura galega. Este ano, o personaxe homenaxeado é Ricardo Carballo Calero. É por iso que coa actividade que vos vou propor imos tentar achegarnos a esta figura sobranceira das nosas letras e facerlle a nosa pequena homenaxe.

Envíovos un arquivo adxunto. Lédeo atentamente. Despois recollede as ideas máis importantes nun cartel . Para iso precisaredes unha cartolina.

Na cartolina teñen que estar recollidas as ideas máis importantes, acompañadas de debuxos ilustrativos das mesmas. Ten que aparecer o título do traballo: **Letras Galegas 2020: Ricardo Carballo Calero**. O nome do noso centro: **IES Fontexería** e o voso nome e grupo.

Esta é a tarefa desta semana. Podedes mandarme fotos dos carteis ao correo.
Unha aperta!